

NORMAS DE PREVENCIÓN

NORMAS XERAIS

ADVERTENCIA

Fumar sen as debidas precaucións ou en lugares de especial risco é unha das principais causas de riscos.

1. **O tabaco:**

- 1.1 NON FUME nin permita fumar en:
 - 1.1.1 Lugares sinalizados coa prohibición de fumar.
 - 1.1.2 Calquera lugar que se utilice como almacén ou arquivo.
- 1.2 Deposite CABICHAS E MISTOS EN CINSEIROS, comprobe que quedan ben apagados. Non bote papeis neles. Baléireos e límpeos con regularidade.
- 1.3 Utilice as papeleiras para depositar papeis. Non bote nelas cigarros, poden prender o contido das mesmas.

2. **Líquidos e gases inflamables:**

- 2.1 Produtos tóxicos e líquidos combustibles gardaranse en recipientes facilmente identificables.
- 2.2 No seu lugar de traballo, almacene a cantidade necesaria para o seu uso inmediato. Non supere as cantidades máximas permitidas.
- 2.3 Identifique de forma axeitada os contedores, botellas de gas e almacéns.
- 2.4 Cumpra as instrucións de utilización e almacenamento, empregándoos só nas áreas autorizadas.
- 2.5 As reservas destes produtos gardaranse no almacén.
- 2.6 Almacenar a menor cantidade posible de éter no lugar de traballo, o seu almacenamento durante períodos prolongados en condicións desfavorables (temperatura superior a 20°C e/ou exposto á luz) pode dar lugar á formación de peróxidos abondo para producir a súa combustión espontánea.
- 2.7 Dado o seu perigo, **ESTÁ PROHIBIDO** transvasar líquidos inflamables no lugar de traballo.
- 2.8 Consultar co Servizo de Xestión de Residuos sobre a forma correcta de desbotar cantidades importantes de calquera líquido inflamable. Os vapores pódense acumular nas tubaxes e dar lugar a explosións.

3. Orde e limpeza:

- 3.1 Manteña limpo e ordenado o seu lugar de traballo.
- 3.2 Os corredores e portas que forman parte das vías de evacuación estarán en todo momento libres de obstáculos. Non colocar neles ningún tipo de mobiliario, material ou aparato, NIN SEQUERA CON CARÁCTER PROVISIONAL.
- 3.3 Elimine os refugallos e lixos diariamente. Utilice unicamente as zonas destinadas para iso.

4. A electricidade:

ADVERTENCIA

O esquecemento negligente da obrigatoriedade de desconexión de equipos eléctricos unha vez rematada a súa utilización e, sobre todo, ao abandonar o lugar de traballo é causa importante de incendio.

- 4.1 Non sobrecargue enchufes eléctricos sen a autorización da Oficina de Xestión de Infraestruturas (OXI) .
 - 4.2 Comprobe antes de deixar o seu posto de traballo que os equipos eléctricos que utilice están apagados. En caso de desconectalos, tire do enchufe non do cable.
 - 4.3 Non instale equipos ou fontes de calor sen a autorización da Oficina de Xestión de Infraestruturas. Non deixe papel ou tecidos preto destes focos de calor.
 - 4.4 Avise á Oficina de Xestión de Infraestruturas ao observar cables deteriorados ou caixas de enchufe rotas.
 - 4.5 Non utilice enchufes dobres ou triplos (ladróns), sobrecargan a liña e poden representar un grave perigo. Solicite que sexan cambiados por enchufes individuais.
 - 4.6 Os cables de prolongación (alargadeiras) deben ter tres fíos, un deles de posta a terra.
 - 4.7 Non manipule nin repare obxectos, aparatos ou instalacións que teñan que ver coa electricidade, a no ser que sexa un experto.
-

5. A emerxencia e a evacuación:

NOTA

En caso de se producir un incendio, é fundamental que os medios de extinción poidan empregarse de forma inmediata e que as vías de evacuación estean completamente libres de calquera obstáculo.

- 5.1 Non cambie de sitio os extintores.
- 5.2 Non almacenar ou situar preto dalgún medio de extinción materiais que poidan dificultar ou impedir a súa inmediata utilización en caso de emerxencia.
- 5.3 Se no seu centro existen portas cortalumes poden estar normalmente abertas, suxeitas polo seu imán retedor, ningún obstáculo debe impedir o seu peche en caso de emerxencia. Non colocar cuñas ou outro freo para mantelas abertas de xeito artificial.
- 5.4 Coñeza en todo momento a situación das saídas de emerxencia.
- 5.5 Asegúrese que tanto os camiños de evacuación como as saídas de emerxencia están libres de obstáculos.
- 5.6 Comprobe que as portas resistentes ao lume funcionan correctamente, informando de calquera fallo.
- 5.7 Lea con frecuencia as instrucións de uso dos aparatos extintores máis próximos ao seu posto de traballo.

PERSOAL DE LIMPEZA

1. Nos pavimentos, previamente á frega, recollerase a sucidade (papeis, restos, etc.).
2. A lixivia deberá estar envasada en frasco opaco, debidamente identificado e sen mesturar con ningún outro produto.
3. O chan debe estar limpo, seco (usar cepillos especiais para este uso, sen baldosas rotas ou defectuosas, evitándose así escorregadas e posibilidades de contaminación).
4. Limpar a área de xeito que quede unha zona de paso seca. A metade do corredor debe estar libre para o tránsito
5. Asegurarse de que as zonas húmidas están sinaladas co cartel de “chan mollado” ao comezo, metade e final da sección.
6. Antes de deixar a zona de traballo temporalmente, desenchufar aparatos.
7. Asegurarse de que os corredores estean sempre despexados, en especial camiños de evacuación e saídas de emerxencia.
8. Aos sumidoiros débese botar auga periodicamente para impedir que os gases (das augas residuais) pasen ao ambiente da zona.
9. A excesiva cantidade de axente limpador ou o tipo inadecuado, poden causar dermatite, escorregadas, lume ou deterioración do artigo limpador.
10. Nunca utilizar gasolina, benceno ou tetracloruro de carbón. Así pois, débense elixir

produtos menos tóxicos e menos inflamables.

11. Non deben mesturarse os produtos limpadores xa que poden formar gases perigosos ou reaccións enerxéticas.

PERSOAL DE INSTALACIÓNS

1. Normas xerais:

- 1.1 Revise periodicamente as instalacións eléctricas e sométaas a probas para evitar deterioración e accidentes.
- 1.2 Coñeza o uso correcto das instalacións e equipos eléctricos, o xeito de detectar as avarías e realizar as reparacións.
- 1.3 Evite a sobrecarga de enchufes eléctricos en todas as dependencias do centro.
- 1.4 As instalacións que requiran cables de prolongación débense reducir ao mínimo e levarse por zonas onde non poidan ser danados, nunca baixo os revestimentos do chan ou os pasos de porta.
- 1.5 Cando se vaian realizar traballos de corte e soldadura, débese:
 - 1.5.1. Solicitar autorización ao Servizo de Prevención de Riscos. Área de Seguridade.
 - 1.5.2. Retirar materiais facilmente combustibles.
 - 1.5.3. Dispor na zona de equipos contraincendios.
 - 1.5.4. Rematado o traballo, examinar a área e volver revisala tamén unha hora despois do primeiro exame.
- 1.6 Todos os traballos de reparación, reforma, acondicionamento e mantemento supervisaranse con certa frecuencia.
- 1.7 Ás contratas exteriores informaráselles de:
 - 1.7.1. A situación dos botóns de incendio.
 - 1.7.2. Os teléfonos próximos.
 - 1.7.3. Os camiños de evacuación.
 - 1.7.4. A forma de actuar en caso de que se inicie un incendio.
 - 1.7.5 Recalcaráselles que non deben obstruír os camiños e saídas de evacuación.
- 1.8 Non almacene produtos altamente inflamables en zonas non preparadas para iso.
- 1.9 Non dispoña como almacén ou arquivo estancias que non estean preparadas para iso.
- 1.10 Ao remate da xornada de traballo, realizarase unha inspección que comprobe que todos os equipos e materiais combustibles están seguros e que non pode iniciarse un incendio accidentalmente.

2. Zonas de mantemento:


- 2.1 O aprovisionamento de produtos inflamables non superará a cantidade prevista a consumir nunha xornada de traballo.
- 2.2 Os motores eléctricos deben ser limpados semanalmente.
- 2.3 Os cables de aparatos móbiles cumprirán o establecido nas normas de prevención xeral.
- 2.4 Os panos graxos poden dar lugar a fenómenos de inflamación espontánea.
- 2.5 Precaucións no lavado de pezas con gasolina ou disolventes inflamables.
- 2.6 En traballos de corte, abrasión e soldadura procurar que a zona ao redor estea limpa e sen elementos inflamables. Dispor de extintores a man, preferiblemente de po, listos para o seu uso inmediato.
- 2.7 Ao rematar o traballo, varrer serraduras e labras e retiralas do local.
- 2.8 Limpar frecuentemente o local para eliminar o po que favorece a propagación do lume.
- 2.9 As fontes de calor estarán lonxe de elementos inflamables e serán desconectadas ao abandonar o local.
- 2.10 A madeira almacenada será a mínima indispensable.
- 2.11 É recomendable non efectuar traballos de pintura ou vernizado no mesmo local onde se realicen traballos de corte.

ACTUACIÓN SOBRE O LUME

COMBUSTIÓN

Reacción química que ten lugar cando os vapores desprendidos por unha substancia combustible, polo xeral en presenza de calor, combínanse con grande rapidez co osíxeno do aire. Esta reacción produce desprendemento de enerxía luminosa e calorífica, conformando o "lume".

ELEMENTOS DA COMBUSTIÓN



Combustible: Materias capaces de producir vapores inflamables. **SEN COMBUSTIBLE NON HAI LUME**

Comburente: Polo xeral, o aire. **SEN AIRE (OSÍXENO) NON HAI LUME**


Enerxía de activación: Calor. A enerxía pode ser proporcionada por fontes naturais como o Sol, ou por fontes artificiais como a electricidade, mistos, chispas, etc. **SEN ENERXÍA CALORÍFICA NON HAI LUME**

A conxunción destes elementos pódese asimilar aos tres lados dun triángulo, cada un de cuxos lados está sempre en contacto cos outros.

É imposible que se produza o lume a non ser que se atopen unidos os tres lados do denominado "TRIANGULO DO LUME".

Ademais de combustible, comburente e calor, considérase un cuarto factor: a velocidade de oxidación da reacción de combustión, factor novo a engadir ao triángulo do lume, transformándose nun tetraedro.

Se algúns destes elementos falta ou a súa magnitude non é suficiente, a combustión non ten lugar ou se extingue.




CLASES DE LUME E MÉTODOS DE EXTINCIÓN

Lumes clase “A”

Combustibles sólidos, deixan cinzas e rescaldos ao arder, como a madeira, papel, tecidos, etc.

Reteñen o osíxeno no seu interior formando brasa, son os chamados lumes profundos.

Método de extinción: **ARREFRIAMENTO**.



Lumes clase “B”

Combustibles líquidos ou que destilen líquido pola calor, como o alcatrán, gasolinas, aceites, graxas, disolventes, etc.

Arden na súa superficie que é a que está en contacto co comburente (osíxeno do aire).

Método de extinción: **SUFOCACIÓN**.

Lumes clase “C”

Combustibles gasosos, como o acetileno, gas natural, butano, propano, metano, etc.

Método de extinción: **ELIMINAR A SAIDA DE GAS**, cerrando a válvula máis próxima.

Tamén por **SUFOCACIÓN**.

Lumes clase “D”

“Lumes especiais”. Orixinados por certos produtos químicos ou por metais combustibles.

Método de extinción: Consultar o sistema de extinción máis axeitado para cada un.

PROPAGACIÓN DO LUME

Radiación: Transmisión en ondas caloríficas en todas direccións (materiais próximos a chamas ou fontes de calor).

Condución: Calor transmitida a través de substancias condutoras (materiais quentes en contacto con substancias sensibles á calor).

Convección: Calor transmitida por aire ambiental moi quente en movemento cara a arriba (aire quente en contacto con substancias sensibles á calor).

FORMAS DE EXTINCIÓN

Eliminación do combustible

Pechar chaves de subministración de combustible, gas. Non almacenar materiais perigosos preto de puntos quentes. Retirar o combustible que alimenta un lume, etc.

Eliminación do osíxeno

Botar area, cubriilo cunha manta, etc., cubrir con espuma.

Eliminación da calor

Botar auga.

Eliminar reacción en cadea

Axentes extintores especiais.

PRODUTOS DA COMBUSTIÓN


Anhídrido Carbónico CO₂

Prodúcese en grandes cantidades e fai aumentar o ritmo respiratorio. Xunto coa diminución de osíxeno e a presenza de substancias irritantes, pode causar a inflamación dos pulmóns.

A velocidade de respiración aumenta ao dobre con concentracións do 3% de CO₂; ao 5% é dificultosa e ao 10% en poucos minutos é mortal.

Ao aumentar o ritmo respiratorio, aumenta a aspiración de gases tóxicos, medrando o risco do individuo.

Como saber se está presente? As chamas brillantes e vivas dun incendio indican a súa presenza, adoitan ser incendios ventilados.



Monóxido de Carbono CO (moi perigoso)

En recintos cerrados e pouco ventilados a dispoñibilidade de osíxeno non acostuma ser moi alta, formándose este gas por mor de combustións incompletas con pouca presenza de osíxeno.

Produce asfixia.

A concentración de monóxido de carbono que pode tolerar o corpo depende de moitas variables, tales como o esforzo, a calor, o anhídrido carbónico presente, etc.


Como saber se está presente? Pola cor pouco brillante das chamas e a súa escasa vivacidade.

Ácido Sulhídrico H₂S

Prodúcese na combustión incompleta de substancias que conteñan xofre (las, coiros, carne, etc.).

Os seus efectos comezan en proporcións moi pequenas, progresivamente segundo vai aumentando a súa concentración e o seu tempo de exposición son: perda de olfacto, vertixe, alteracións intestinais e dor no aparato respiratorio, parálise respiratoria e efectos no sistema nervioso.

Como saber se está presente? Polo seu olor a ovos podres.



Anhídrido sulfuroso SO₂

Producido na combustión de substancias orgánicas que conteñen xofre. É un gas moi irritante para os ollos e as vías respiratorias en curtas exposicións ao mesmo.

Amoníaco NH₃

É producido pola combustión de substancias que conteñen nitróxeno ou por escapes producidos en incendios de cámaras frigoríficas. É moi irritante en ollos, nariz, gorxa e pulmóns. É letal mesmo respirado en concentracións baixas durante pouco tempo.

EFECTOS DA COMBUSTIÓN

Chama

A combustión de materiais en atmosferas con contido normal de osíxeno adoita ir acompañada de chama.

En incendios en atmosfera pobre de osíxeno pódese producir calor, fume e gases sen que se desprendan chamas.

Calor

Causante da propagación dos incendios. Pode producir desde pequenas queimaduras ata a morte. A exposición ao aire quente pode causar deshidratación, esgotamento, obstrución das vías respiratorias, queimaduras e aumentar o ritmo cardíaco.

A temperaturas de 50°C e co ambiente moi saturado de humidade, pódese resistir moi poucos segundos.

Fume

Gases que se desprenden na combustión arrastran con eles pequenas partículas de carbón e alcatrán conformando o fume, que é o elemento que fai visible os gases da combustión. En xeral, o fume acompaña sempre ao lume.

Produce diminución da visión e limita o paso da luz. Irritando, por unha banda, o tracto respiratorio ao inhalalos, producindo tose, e por outra banda, os ollos, producindo lagrimezo.

AXENTES EXTINTORES

Auga

Extingue por "arrefriamento". Pode ser empregada en forma de chorro ou finamente pulverizada.

Auga a chorro: Empregar en lumes da clase "A" (combustibles sólidos).

Auga pulverizada: Empregar en lumes da clase "A" e en lumes da clase "B" cando se trate de líquidos combustibles dos chamados pesados, como o fueloil, gasoil, etc.

AUGA	<ul style="list-style-type: none"> EXTINGUE POR ARREFRIAMENTO LUME DE SOLIDOS (CLASE A) NON USAR SE HAI TENSION ELECTRICA
PO	<ul style="list-style-type: none"> EXTINGUE POR SUFOCACIÓN LUME DE SOLIDOS, LÍQUIDOS E GASES (CLASE A, B, e C)
CO ₂	<ul style="list-style-type: none"> EXTINGUE POR SUFOCACIÓN LUME DE LIQUIDOS e ELÉCTRICOS (CLASE B y E)

PERIGO

Nunca se debe empregar auga para extinguir lumes de clase "E" (lumes eléctricos), pois existe perigo de electrocución.

Po

Po polivalente ou antibrasa. Efectivo para lumes de tipo "A", "B" e "C" e lumes en presenza de tensión eléctrica.

Anhídrido Carbónico

"Neve carbónica" ou CO₂. Gas inerte máis pesado que o aire, utilízase como elemento de sufocación.

Eficaz para lumes producidos por líquidos inflamables. A súa maior aplicación está nos lumes eléctricos ao non ser condutor e non deixar ningún tipo de residuos. Clases "B" e "E".

MEDIOS TÉCNICOS PARA A INTERVENCIÓN

O tempo é vital cando se fala de extinción de incendios. Acurtar o tempo de reacción é o obxectivo principal unha vez producido o sinistro.

1- EXTINTORES PORTÁTILES

Utilización:

- Elixir o extintor axeitado.
- Quitar pasador de seguridade.
- Facer un disparo de proba
- Asegurarse vía de escape.
- Suxeitar extintor pola válvula coa man débil e dirixir a boquilla coa outra man.
- Premer válvula e dirixir o axente extintor á base das chamas en zigzag, avanzando a medida que as chamas van apagando.
- Asegurarse de que está apagado e permanecer alí de retén.



EXTINTORES PORTÁTILES (continuación)

Precaucións:

- **Lume de sólidos:** Romper e espazar as brasas, e volver pulverizar axente extintor para evitar que volvan acender.
- **Lume de líquidos ou sólidos lixeiros:** Non lanzar o chorro de axente extintor directamente, senón superficialmente para evitar a súa extensión.
- **Cambios de posición ou de foco de lume:** Interromper o chorro, evitando esgotar inutilmente o contido do extintor.
- **Extintores de CO₂:** Precaución coa proxección a outras persoas, as descargas estáticas e as queimaduras, debido a que este axente sae a unha temperatura de -18°C.
- **Extintores utilizados:** Descargalos totalmente e retiralos para evitar accidentes e confusións.

TIPOS DE EXTINTORES MÁIS AXEITADOS ÁS CLASES DE LUME

LEMBRE



CLASES LUME	COMBUSTIBLES	AUGA	CO ₂	PO	FORMAS EXTINCIÓN
A	Papel, madeira, cartón téxtiles, etc	SI	NON	SI	ARREFRIAMENTO INHIBICIÓN
B	Gasolina, pinturas, aceites, gasoil, etc.	NON	SI	SI	SUFOCACIÓN INHIBICIÓN
C	Butano, propano, etc.	NON	SI	SI	SUFOCACIÓN INHIBICIÓN

2- BOCAS DE INCENDIO EQUIPADAS (BIE,S)

Utilización

NOTA

As bocas de incendio equipadas de 45 mm deben ser manexadas cando menos por dúas persoas, unha situada en punta de lanza e outra que inicialmente abrirá a válvula e despois axudará en posición intermedia ao avance da manguera.

Romper o cristal frontal do armario ou abrir coa chave, utilizando un obxecto (extintor, papeleira, zapato, etc.) ou co antebrazo envolto nunha prenda resistente, retirando os restos de cristal do marco antes de estender a manguera (poden cortar a manguera).

1. Estender totalmente a manguera (manguera de 45 mm), **comprobando que non se formen pregues** que colapsen a manguera pola presión da auga.
2. Comprobar que a lanza-boquilla está cerrada.
3. Unha persoa suxeitará firmemente o extremo da manguera (manguera de 45 mm) (lanza-boquilla).
4. A segunda persoa abrirá a válvula de paso de auga e pasará a se situar na parte central da manguera (manguera de 45 mm) para axudar no avance ou retroceso desta.
5. A primeira persoa actuará sobre a lanza-boquilla e configurará o chorro de auga de acordo coa necesidade (néboa, chorro, maior ou menor alcance, etc.).

Precaucións xerais

1. A boquilla deberá estar pechada durante as operacións de tendido de liñas, levantando ou avanzando liñas, así como operacións de cambio de posición.
2. A boquilla non deberá ser nunca arrastrada ou tirada.
3. Avanzar, como regra xeral, só se hai auga en punta de lanza.
4. Antes de atacar o incendio, expulsar o aire que existe na liña. Comprobar saída do chorro ou ángulo de pulverización.
5. Buscar un lugar seguro para o inicio da extinción.
6. Se cesa o abastecemento de auga, o equipo non debe dudar en se retirar ata un punto que ofrezca seguridade.
7. O caudal de auga controlárase realizando lentamente as operacións de apertura e peche das lanzas e da válvula. Trátase de prever grandes variacións de presión nas liñas e demais equipo, así como evitar que os operadores poidan resultar danados por esta causa.
8. Se houberse máis de dúas persoas operando cunha manguera (manguera de 45 mm), a terceira deberá estar a unha distancia dun brazo detrás do primeiro home para soportar e evitar a este as reaccións na lanza.
9. De se perder o control dunha lanza, suxeitala contra o chan para evitar ser golpeados.
10. As BIE,s de 45 mm serán utilizadas por tres persoas, unha manexando a lanza, a segunda soportando a manguera xunto ao primeiro e a terceira manipulando a válvula e axudando ao traslado da manguera na parte media da súa lonxitude.
11. As BIE,s de 25 mm poden ser utilizadas por unha soa persoa, manexando a lanza, soportando a manguera e manipulando a válvula ela soa, xa que o seu despregamento requirirá estender só o anaco de manguera suficiente para alcanzar a zona do incendio.

Precaucións coa lanza

1. Manter cerrada:
 - ◆ Mentres se realizan operacións de tendido.
 - ◆ En operacións de cambio de posición.
2. Non arrastrar ou tirar.
3. Controlar o caudal de auga, realizando lentamente as operacións de apertura e peche das lanzas e válvulas.
4. Non tirar auga ás cegas.
5. Ter coidado cos elementos de decoración feitos de materiais tales como escaiolas. Elixir ben a presión de saída para evitar estragos dentro dos edificios.
6. Empregar o chorro sempre que se requira un grande alcance ou unha penetración profunda.
7. Extinción con auga pulverizada:
 - ◆ Aplicación principal: Extinción de lumes clase A (materias sólidas que forman brasas en espazos reducidos).
 - ◆ Pódese utilizar, baixo certas condicións, en lumes de clase B e C.
8. Ademais do efecto de arrefriamento, aproveitar o efecto mecánico da auga pulverizada para empuxar as chamas, con combustibles líquidos, contra a parede ou o bordo do recipiente, arrancándoas da súa base.
9. Con combustibles líquidos contidos en recipientes abertos, ter precaución co augado do

combustible. A auga non se mestura co combustible, vai ao fondo ao ser máis pesada, e provocará o rebordo do líquido.

10. En xeral, para manexar unha manguera e lanza de 45 mm fan falta dous homes, e para manexar unha de 70 mm fan falta tres homes.
 11. No caso de perder o control, débese pisar ou suxeitar contra o chan.
-

Tácticas de avance

1. Antes de avanzar:
 - ◆ Probar o funcionamento da lanza.
 - ◆ Abrir e cerrar unha ou dúas veces a boquilla para comprobar a presión con que se conta.
2. Pisar firme, é habitual esvarar e tropezar, sobre todo cando a auga cobre o chan e non se ve onde se pisa.
3. Posición máis axeitada:
 - ◆ Estático: De canto para exporse pouco á calor ou abaixado, protexéndose detrás do abano da auga.
 - ◆ Avance: Con paso firme, lento e calculado, aproximadamente 40 cm.
4. Observar o desenvolvemento do lume:
 - ◆ Determinar o punto de ataque, e o que se agarda lograr con esta manobra.
 - ◆ Mirar a ruta a seguir e os obstáculos e riscos que presenta.
5. É importante facer un alto no ataque, facilita o acoplamento doutros grupos para axudar.
6. En manobras de máis dun home, obedecer a voz dunha soa persoa para evitar equivocacións e desgrazas.
7. En caso de acontecemento imprevisto:
 - ◆ Estoupido dun recipiente a presión.
 - ◆ Unha laparada.
 - ◆ Caída dun compañeiro.

Non soltar a manguera nin virarlle as costas ao lume. Nestes casos a única defensa fronte ao lume é a auga, pois forma unha barreira entre nós e este.

TÉCNICAS DE AVANCE

Accesos

1. Eliminar obstáculos que poidan impedir unha penetración segura.
 2. As entradas só se deben forzar de non haber outra posibilidade, evitando danos innecesarios.
 3. Para abrir ventás rómpese o cristal cunha ferramenta, volvendo a cara para protexela; despois ábrese coa man protexida.
 4. Ventás grandes golpéanse na parte superior, despois retíranse os cristais da parte baixa e límpase o marco.
-

Aproximación ao foco

1. Manter cerradas as portas e ventás ata ter auga en punta de lanza.
 2. Toda porta ou elemento de peche que estea aberto hai que deixalo cerrado, pero comprobando antes que non haxa persoas dentro do recinto.
 3. Localizado e controlado o incendio, se hai moito fume, procurar ventilar o local e facilitar a saída de fume e calor.
-

Vías de propagación

1. Vertical (efecto cheminea): Ocos de escaleira, ascensor, patinillos de tubaxes e outros ocos verticais.
2. Horizontal: Corredores, condutos de ventilación, de calefacción por aire quente, condutos de extracción de aire e outros ocos horizontais.

NORMAS DE EXTINCIÓN

1. Recoñecer se a situación require contención ou ataque.
 - ◆ Contención: Extinción cunha liña de defensa, desde un espazo de seguridade.
 - ◆ Ataque: Extinción con avance progresivo, sen perigo de reinflamación ás costas.
2. Regra xeral para a extinción (tanto desde a liña de defensa como desde a de ataque):
 - ◆ Apagar desde o primeiro plano ata o fondo e desde abaixo cara a arriba.
 - ◆ Apagar primeiro os elementos portantes incendiados ou os obxectos incendiados cuxas chamas incidan sobre eles, despois o resto.
3. Se hai vento ou corrente de aire: Efectuar a extinción a favor do vento ou da corrente.
4. En ataques interiores con moito fume: Avanzar abaixado ou de xeonllos.
5. Precaución ao actuar en locais con falta de ventilación: Pode ter lugar unha combustión incompleta con concentracións perigosas de monóxido de carbono.
6. Dosificación da auga de extinción: Para non provocar danos secundarios innecesarios por exceso de auga.

RECOMENDACIÓNS XERAIS ANTE UN INCENDIO

NOTA

Os incendios, agás os producidos por explosións ou por grandes derramamentos de líquidos inflamables, comezan sendo de dimensións reducidas. Se a intervención se produce nos primeiros cinco minutos, pode ser controlado facilmente e extinguido cun extintor.

- Atacar o obxecto que arde e non as chamas nin o fume.
- Atacar o lume co máximo de medios adecuados.
- No exterior, colocarse co vento ás costas. En interiores, no sentido da corrente.
- Prever un itinerario de escape.
- Atacar o lume desde o límite de alcance do extintor e achegarse progresivamente.
- Sobre líquidos, evitar presións grandes que poidan esparexer o líquido ardendo.
- Non avanzar se non se está seguro de que o lume non volverá acender detrás de nós.
- En presenza de fume, progresar a rentes do chan e cubrir a boca e nariz con tea húmida.
- Extremar as precaucións en presenza de corrente eléctrica.
- Inundar as partes veciñas ás que arden para evitar que o lume se estenda.
- Se o lume é en chans, comezar por apagar a zona máis próxima antes de avanzar.
- Se o lume é un muro ou tabique, apagar a parte baixa e despois seguir co lume en altura.
- Manter portas e ventás cerradas para evitar o tiro de fumes.
- Despois da extinción é preciso desentullar e deixar unha vixilancia.
- En zonas onde existan axentes extintores por gas en locais cerrados, é preciso evacuar a todas as persoas que se atopen presentes antes de activar o disparo.

PRECAUCIONES ANTE PERIGOS CONCRETOS

Protección contra a radiación térmica

Unha cortina de auga pulverizada protexe fronte á radiación da calor, o fume e o po.

Protección contra a falta de osíxeno

Unha cortina de auga pulverizada próxima á boca.

Perigo de explosión

Non accionar interruptores eléctricos de ningún tipo.

En instalacións de gas, pechar a válvula de acometida principal.

Recipientes a presión, sacalos fóra da área de perigo. Se non é posible, refrixerar desde un lugar seguro.

Perigo por derrubamento

A calor xerada pode producir a destrución ou fragmentación de elementos portantes, orixínándose o afundimento total ou parcial dun edificio.

A dilatación dos elementos portantes tamén se debe ter en conta.

Perigo da electricidade

PERIGO

Nunca se debe proxectar auga sobre equipos baixo tensión eléctrica. Nos casos onde non haxa garantía absoluta ou onde poida existir a posibilidade de contacto involuntario, en especial co chorro de auga, débese:

- **DESCONECTAR A INSTALACIÓN**
Onde non haxa posibilidade diso:
- **ACORDOAR A ZONA DE POSIBLE CONTACTO**

Perigo de laparadas

Saen, en xeral, pola parte superior das aberturas.

Os actuantes débense poñer a cuberto agachados detrás do paramento.

ACCIÓNS ANTE UNHA EVACUACIÓN

1. Baixo ningunha circunstancia debe expoñerse nin vostede nin o persoal a evacuar un perigo por propia iniciativa.
2. É preciso manter a calma e non fomentar situacións alarmistas. Debe promover a axuda mutua (controlar reaccións nerviosas).
3. Elimine obstáculos en portas e camiños de evacuación.
4. Apague todos os equipos eléctricos
5. Deixe cerradas as portas e ventás tras o seu paso, asegurándose de que non queda ninguén no interior do recinto; indique isto colocando algún obxecto (cadeira, etc.) diante da porta. Non peche con chave.
6. Axude a evacuar os discapacitados que se atopen na súa área.
7. Non se entreteña recollendo os seus obxectos persoais.
8. Debe manter en todo momento a calma (controle reaccións nerviosas), non berre e ante todo non corra, xa que unha caída pode obstaculizar o camiño de evacuación, e a aglomeración e caída doutras persoas con graves consecuencias.
9. Non utilice os ascensores.
10. Nos tramos de escaleira, circule polo exterior destas para favorecer o acceso dos Equipos de Emerxencia.
11. Durante a evacuación, non retroceda na procura doutras persoas, xa que entorpecería a evacuación ao resto delas.
12. Se existise fume abundante, camiñe abaixado e cubra o nariz e a boca cun pano ou outro tipo de prenda.
13. Se lle prendese a roupa, bótese ao chan e rode. Non corra, xa que de facelo activará máis o lume.
14. Unha vez abandonado o edificio, diríxase á zona de reunión para poder detectar posibles ausencias. Non abandone a zona de reunión ata que se dea a orde. Agarde instrucións.
15. Se por algunha razón non puidese chegar a zona segura, deberá comunicalo:
 - ◆ Se é posible, ao Posto de Dirección de Emerxencias (Conserxaría), quen se encargará de informar sobre a súa situación.
 - ◆ Se non é posible, fágao a través das ventás